

ENCONTROS MONOGRÁFICOS  
CO PATRIMONIO CULTURAL

# GUIDOIRO AREOSO A ILLA PATRIMONIO

CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
27 DE NOVEMBRO DE 2015



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

Esta xornada inicia unha actividade organizada pola Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega, denominada *Encontros monográficos co Patrimonio Cultural*, coa que queremos poñer en marcha uns encontros abertos á cidadanía que poñan o foco tanto na caracterización de bens patrimoniais como na formulación de tipos de protección deses bens, entre outros aspectos, e que partan de procesos relacionados co Patrimonio Cultural que se estean desenvolvendo en Galicia e que poidan ser de interese xeral polo seu alcance, resultados, singularidade, repercusión pública ou entidade patrimonial dos elementos sobre os que se focalicen. O obxectivo é darlles difusión e xerar debate sobre eles, propiciando unha actividade participativa, que discorra en converxencia coas percepcións da propia cidadanía.

Os *Encontros* ábreanse cun monográfico sobre Guidoiro Areoso no que se recolle a propia vivencia da cidadanía, os resultados das intervencións patrimoniais e a experiencia dos xestores. Guidoiro é un illote situado na Ría de Arousa no que existen numerosas pegadas da ocupación humana durante a prehistoria. Neste lugar véñense desenvolvendo nos últimos anos unha serie de actividades transversais que implican a comunidade científica, as administracións públicas e as asociacións cidadás da zona, que levan anos traballando pola súa conservación. Aínda que foi obxecto dunha intervención arqueolóxica na década de 1980, recentemente o illote volveu chamar a atención destes axentes pola importante erosión litoral que vén sufrindo e que pon en perigo a conservación deste patrimonio cultural e natural.

16:15 horas

**Presentación**

16:30 horas

**Sesión de relatorios**

*Guidoiro Areoso, un territorio prehistórico baixo a area*

**Xosé Ignacio Vilaseco Vázquez**, arqueólogo da Xunta de Galicia

*Vulnerabilidade e erosión dos xacementos de Guidoiro Areoso: a achega dos novos métodos de fotogrametría*

**Elías López-Romero**, Honorary Fellow, Durham University (UK), e investigador asociado do Incipit, CSIC

*Cambios xeomorfolóxicos, ambientais e ocupación humana no Holoceno Medio e Final na costa atlántica do NO da Península Ibérica*

**Ramón Blanco-Chao**, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela

*Guidoiro Dixital: da recuperación de información á reconstrución 3D dunha paisaxe en evolución*

**Patricia Mañana-Borrazás**, investigadora colaboradora do Incipit, CSIC

18:00 horas

**Pausa**

18:15 horas

*Mesa redonda. Perspectivas sobre Guidoiro Areoso dende a Illa de Arousa*

**Rosa María Viana Rodríguez**, concelleira de Turismo, Cultura e Deportes da Illa de Arousa

**Pablo Iglesias**, Asociación Pandulleiros. Grupo de Amigos da Historia da Arousa

19:00 horas

*Mesa redonda. Guidoiro Areoso. A illa, proceso patrimonial activo. Protección e conservación*

**María del Carmen Martínez Ínsua**, directora xeral de Patrimonio Cultural

**Iago Seara**, coordinador da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega

**Rebeca Blanco Rotea**, arqueóloga e membro da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega

19:45 horas

**Debate**

**ORGANIZA:**

Sección de Patrimonio e Bens Culturais do Consello da Cultura Galega

**COORDINACIÓN:**

Iago Seara Morales e Rebeca Blanco Rotea

**LUGAR DE REALIZACIÓN:**

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

**ASISTENCIA:**

A asistencia é aberta

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

**MÁIS INFORMACIÓN:**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205